

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### ADDENDA NÚM. 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN URBANA DA CIDADE

#### 1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

#### 2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 1 á que se refire a presente memoria é o Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ferrol para a execución do proxecto de rehabilitación urbana da cidade, asinado o 4 de abril de 2025.

#### 3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Ferrol instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente durante un período de catro anos, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de catro anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

#### 4.- Obxecto

O obxecto desta addenda é a modificación da cláusula segunda do antedito convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol, co fin de adaptala á petición de



reaxuste das anualidades previstas formulada polo concello en escrito do 09.12.2025.

## 5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen razóns de oportunidade as manifestacións do concello, en canto consideran necesaria unha modificación do clausulado do convenio, posto que diversas circunstancias de índole técnica e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2025.

A Comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 10.12.2025, á vista do exposto no escrito do concello, formula unha proposta de reaxuste das anualidades de financiamento das actuacións obxecto do convenio.

En consecuencia, procede modificar a cláusula segunda do convenio para adaptar as achegas á realidade da execución do obxecto do acordo.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, observáronse os requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura (documento asinado electronicamente), A directora xeral de Urbanismo. María Encarnación Rivas Díaz.

